DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 258 | Xoves, 24 de decembro de 2020 | Páx. 50494

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 10 de decembro de 2020 pola que se modifica o anexo da Resolución do 1 de xullo de 2020 pola que se dá publicidade á resolución pola que se conceden as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a proxectos para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa destinadas a particulares, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, sobre a base da convocatoria de subvencións realizada mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019 deste mesmo órgano (Diario Oficial de Galicia número 15, do 23 de xaneiro de 2020), (código de procedemento IN421I).*

Mediante a Resolución do 18 de decembro de 2019, establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa destinadas a particulares e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, medida 7, actuacións dirixidas á mellora dos servizos básicos e renovación das poboacións nas zonas rurais.

En virtude do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no caso de resolución de concesión de subvencións poderase substituír a notificación individual pola publicación no DOG e na páxina web do Inega (www.inega.gal). Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade das subvencións outorgadas.

Mediante a Resolución do 1 de xullo de 2020, resolveuse a orde de convocatoria e constituíuse unha lista de agarda cos expedientes que non resultaron beneficiarios.

Antes do peche da lista de agarda, estimáronse tres recursos de alzada e ademais houbo varias renuncias de axudas concedidas, o que implicou a existencia de crédito dispoñible. Segundo o disposto nas bases reguladoras e cos requisitos establecidos nelas para os expedientes que conforman a lista de agarda da Resolución do 1 de xullo de 2020, a lista foi atendida por rigorosa orde de puntuación ata esgotar o crédito dispoñible. De acordo con isto modificouse a lista de beneficiarios.

CVE-DOG: 6ag9bp71-qak9-eyl8-yz81-ywlutwzr8z4

Procédese por medio desta resolución á publicación da modificación da listaxe de beneficiarios definitivos das axudas outorgadas pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia ao abeiro da Orde do 18 de decembro de 2019. A lista dos beneficiarios definitivos poderase consultar na www.inega.gal ou en http://www.inega.gal/subvencions/subvencions/Energiasrenovables/2020/ficha_renovables2020_0001.html?idioma=gl.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: 6ag9bp71-qak9-eyl8-yz81-ywlutvwzr8z4